

## PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 27 de maio de 2022, de OUTORGAMENTO DA CONDICIÓ DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2022/2023 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE (Expte. 2022014749) (BOPPO nº 102 do 30 de maio de 2022) no que o Concello de Meis foi seleccionado como entidade colaboradora no citado programa,

### DISPOÑO:

- Incóese expediente para a contratación, mediante contrato formativo para a obtención da práctica profesional, dunha persoa demandante de emprego desempregada ou con tarxeta de mellora de Emprego, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia e que cumpra os seguintes requisitos:
  - ✓ Estar en posesión da titulación de CICLO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN E FINANZAS, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.
  - ✓ Estar empadroada nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.
  - ✓ Que no momento da contratación non transcorresen máis de tres anos, ou máis de cinco cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.
  - ✓ Que non obtivera experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación que habilita esta contratación.
  - ✓ Que non estea contratada en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplen contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.
  - ✓ Non haber estado contratada na mesma ou distinta entidade en virtude da mesma titulación. Tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto aínda que se trate de titulacións distintas.
- O contrato a formalizar será na modalidade de contrato formativo para a obtención da práctica profesional, a xornada completa de 37,5 horas semanais, por un período de 12 meses, clasificado no grupo 3.
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os criterios de selección que figuran ANEXO III das BASES DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2022/2023 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE.

Documento asinado electronicamente.

